

XUNTANZA SPG- A Gavela.

Chan de Brito, 13 novembro 2015.

Asisten:

Ricardo e Begoña de Horta do Val, Anxeles de DesPensa, Nanda e José Luis, Elsa de A Pereiriña , Edgar de Paporroibo, Olga do Verxel de Coiro, Cristina de Criscampo, Uxío de A Veigha do Palheiro, Antía de Cesta fresca, Xaquín do Recuncho Verde, José Ramón de Froita da casa, María e Galo de Horta Fresca , Belén e Xacobe da Horta do Cadaval, Touzón da Fonte do Ouro, Marta de Raiceira planteles, Diana de Ecoenvío, Javier de Aldea Cooperativa e Abreabella Artesáns.

As 19:00 h deu comezo a asemblea coa seguinte orde do día.

1.COMISIÓN DE VERIFICACIÓN.

a. Informe calendario de visitas

Diana fai unha valoración sobre as visitas, de como se foron cubrindo e cumprindo o calendario, comentando que en algunhas ocasións recaeu o peso das visitas nas mesmas persoas, punto este que se tratará de solventar nas seguintes. En xeral o calendario foise cumprindo e as visitas tamén, en canto a información recollida nas fichas valórase moi desigual, así que puntualiza que é importante a formación.

b. Aprobación de proxectos

Quedan pendentes de verificar os proxectos de Xaquín (Recuncho verde), a finca de Tabagón de Edgar (Paporroibo), as fincas de Salvaterra de Ricardo e Begoña (Horta do Val) e anótase un novo proxecto a nome de José Ramón, chamado Froita da casa. Con estas visitas pendentes de realizar decídese que polo de agora farase unha ampliación do calendario anterior. Acórdase que a partir de agora as visitas, unha vez proposta a data, e cando se anoten as persoas que van visitar este proxecto, será o visitado quen se poña en contacto coas persoas que van visitalo, descargando así desa función a Diana, a persoa do grupo de verificación que ata agora viña facendo a labor de intermediación entre os visitantes e o visitado.

Coméntase tamén que se van reenviar de novo as follas onde aparecían os contactos, a petición de Xaquín i Elsa.

c.Revisión criterios de verificación

Fanse cambios na ficha de visita orixinal. Marta describe as modificacións que se fixeron a ficha anterior e decídese incluír os seguintes apartados

- Biodiversidade e fincas colindantes.
- Auga de rego. Procedencia. Posibles contaminantes. Analíticas, que tipo?. Solucións.
- Aspectos sociais do proxecto.
- Tipos de venda.
- Cantas persoas participan ou traballan no proxecto.
- Apartado específico para as froiteiras, como no caso das sementes e do plantón.

e. Organización das visitas.Contactos

Acórdase que as visitas do ano que ven faranse de **Xaneiro a Novembro**, valorando que en

Novembro se faga a asemblea xeral ordinaria..

Decídese tamén que as fichas de visita que se foron cubrindo sexan públicas, se dixitalizarán e subirán a web, aparecendo un link a esta información na ficha de presentación de cada proxecto, onde se poderá revisar.

Xurden dúbidas sobre si subilas así tal e como están, ou se facer unha revisión, mais acórdase que neste caso, subíranse así. A partires de agora, o equipo de persoas que fagan a visita deberán elaborar un resumo en formato electrónico, para facilitar a súa lectura.e consulta a través da web.

2. Comisión de Comunicación.

a e b. Revisión das ferramentas de comunicación (roldas, mail...) i Estado da web.

O grupo de comunicación informa do cambio da páxina web e das roldas de correo ao dominio de saramaganta.info.

Uxío informa de que recibiu moitas das fichas de presentación dos proxectos e que nos vindeiros días irá subindo a web esa información.

Coméntase o problema que supuxo facer o cambio de data da asemblea debido a charla de Pámies, procurárase que non haxa que tomar este tipo de decisións pola rolda de correo, xa que son decisións que deberán tomarse en asemblea, e se fisexe falla como último recurso empregárase o sistema de votación realizado para eleixir o logo.

c. Documentos de información.

Estiveron traballando na cuestión do logo para elaborar un selo colectivo.

Propoñen 3 modelos :

- 1. Pegatinas para frasco e caixa**
- 2 Para os mercados.**
- 3. Libros de facturas.**

Nas etiquetas hai varios formatos que terán o código QR que identificará o proxecto. Acórdase organizar un pedido conxunto das pegatinas a través do grupo de comunicación. O pedido farase a través dunha folla en excell, a cubrir por aqueles proxectos interesados.

Nanda comenta se se pode valorar a posibilidade de facer pegatinas para atar nos mollos de verduras.

d. Presentación pública.

Outro punto a tratar foi o de dar a coñecer publicamente este selo

Fálase de facer unha presentación pública en Árbore, para finais de Novembro ou principio de Decembro.

Tamén se valora a posibilidade de dar a coñecer o selo en feiras, facer publicidade elaborando dípticos, bolsas de tela ou ben presentación directa en actividades públicas como palestras,

xornadas...

3.Comisión de xestión.

Cada proxecto ingresa 10 € para o bote común.

4.Varios.

- **Apicultura.**

Amósase interese sobre este tema, e decídese que éste será o primeiro punto da orde do día da seguinte assemblea.

Fálase da posibilidade de convidar a outros apicultores que lles poida interesar para elaborar os criterios de certificación. Xaquín queda encargado de presentar este documento para a súa aprobación na vindeira assemblea.

- Uxío propón que se pode comezar a traballar nos **criterios de Conservas e produtos elaborados** (queixos, pan, iogures...), e **Avicultura**. Nanda propónse para traballar no apartado de conservas. Apúntase a importancia de engadir o tema de **benestar animal** a hora de certificar produtos tipo queixo e iogures, ademais de para avicultura.
- Uxío comenta para o debate , a importancia de valorar o encaixe das tendas de barrio coa venda dos produtos certificados polo noso grupo.
- Proponse levar o tema dos prezos para a assemblea seguinte.
- Acórdase levar o calendario i engadir as últimas visitas.
- Apúntase tamén para o debate, a cuestión da visibilidade que estamos adquirindo, sobre todo aqueles proxectos que non están dados de alta, si esto pode supoñer algún risco?, se podemos traballar en facer unha ferramenta de autodefensa colectiva que nos protexa? aproveitar a estrutura de Arquipélagos?, valorar os motivos polos que non se está dado de alta: por que non queres ou por que non podes?.

Por último queda fixada a data da seguinte assemblea para o **venres 12 de febreiro as 18:00 h** en **Ponteareas**, na finca de Antía.